

Memoria xustificativa do **Máster de Química Sanitaria** para
presentar coa declaración de interese

Universida_{de}Vigo

1 Xustificación de interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma

1.1 Estudo sobre a incidencia e beneficios xerais e económicos derivados da nova ensinanza (xustificación da oportunidade da titulación)

Este Máster Interuniversitario en Química Sanitaria responde a unha necesidade de formación mais específica nunha rama do coñecemento que hoxe, mais que nunca, mostrouse esencial coa pandemia que estamos a vivir.

Podemos dicir que un Químico sanitario vai empregar os seus coñecementos químicos para avaliar a saúde do paciente. Realizará probas e análises médicos para axudar ao persoal médico na detección precoz, o tratamento e o manexo de enfermidades e trastornos da saúde.

Consideramos que este máster pode proporcionar coñecementos complementarios a formación dos graos en Ciencias do Sistema Universitario Galego preparando aos egresados para integrarse con éxito en laboratorios clínicos ou empresas do sector.

O Máster en Química Sanitaria entronca cos principios de la Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3)

(http://www.ris3galicia.es/?page_id=3911&lang=es), en particular co RETO 3: Novo modelo de vida saudable cimentado no envellecemento activo da poboación.

O obxectivo fundamental de este máster é ter un perfil profesionalizante, esperando que en breve apareza este perfil como profesión regulada, dando forma a orde europea que recoñece aos graduados en química atribucións para a realización de análises clínicos (DIRECTIVA 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello)

Este máster é unha aposta sa Conferencia de decanos de Química de España para todas as universidades españolas que quixeron adherirse. Agrupáronse as Universidades por zonas xeográficas en catro circunscricións diferentes. No caso da Universidade de Vigo, estaríamos acompañados da Universidade da Coruña, Universidad de Salamanca e Universidad del País Vasco. Creemos que sería un erro non participar neste programa e perder a oportunidade de formar ao noso alumnado nestas competencias profesionais. Consideramos ademáis que de non impartirse na nosa comunidade é moi probable que marcharan a cursalo a outras universidades.

Este máster debe proporcionar aos estudantes unha formación avanzada no marco do campo da química sanitaria. Adquiriranse os coñecementos, habilidades, normas e valores que o capaciten para unha intervención profesional, ética e de calidade neste ámbito.

A continuación indícanse as habilidades básicas e xerais e as específicas que se teñen plantexadas para esta formación de postgrao.

HABILIDADES BÁSICAS E XERAIS:

1. Que os alumnos saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade para a resolución de problemas en entornos novos ou descoñecidos dentro de contextos máis amplo (ou multidisciplinar) relacionado coa súa área de estudo.
2. Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e afrontar o complexidade de formular xuízos baseados en información que, por ser inconclusiva ou limitado, inclúe reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas asociadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
3. Que os alumnos saiban comunicar as súas conclusións, coñecementos e razoamentos últimos que os sustentan a públicos especializados e non especializados.
4. Que os estudantes demostren a capacidade para concibir, deseñar e desenvolver un proxecto integral con suficiente solvencia técnica e seriedade académica.
5. Que sexan capaces de promover, en contextos académicos e profesionais, o avance tecnolóxico, social ou cultural dentro dunha sociedade baseada no coñecemento.
6. Que os estudantes teñan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que será en boa parte autodirixido ou autónomo.
7. Que os estudantes teñan as seguintes habilidades: análise e síntese, organización e planificación, toma de decisións, traballo en equipo, razoamento crítico, aprendizaxe autónoma, creatividade, capacidade de aplicación coñecemento teórico na práctica.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

1. Ser capaz de interpretar e executar, na práctica profesional, as funcións de Químico sanitario dende un concepto integral de saúde, tendo en conta o directrices establecidas pola OMS.
2. Saber aplicar os fundamentos da ética e o método de deliberación na práctica profesional, axustando a súa práctica como profesional da saúde ás disposicións da normativa legal vixente no ámbito sanitario español e internacional.
3. Coñecer e respectar as obrigas e responsabilidades do persoal sanitario en canto á confidencialidade da información e á protección de datos persoais dos usuarios, o seu almacenamento e os seus dereitos, de acordo coa lexislación vixente.

4. Ser capaz de identificar e recoñecer o marco de actuación do químico sanitario, resolvendo os problemas do seu campo de forma autónoma, colaborando con outros profesionais cando sexa necesario.
5. Ser capaz de interiorizar e asumir a calidade e a súa xestión, as boas prácticas no laboratorio e os procedementos de certificación e acreditación de laboratorio.
6. Saber aplicar as bases da xestión económica dun laboratorio para optimizar os recursos dispoñibles e, no seu caso, a xestión administrativa necesaria para o emprendemento como autónomo ou traballador por conta allea, coñecendo as obrigacións legais, contables e tributarias asociadas.
7. Saber usar con rigor o método científico durante as tarefas e procesos de investigación que van desde a análise de evidencias científicas ata a avaliación ética dos resultados, a elaboración do informe e a súa aplicación a resolución de problemas específicos no ámbito sanitario.
8. Ser capaz de deseñar e supervisar estudos de investigación que, mediante ensaios clínicos, avaliar a validez, eficacia, eficiencia e aplicabilidade do descubrimentos de saúde para a práctica clínica.
9. Saber realizar comunicación científica no campo da saúde nun técnico, claro e preciso en función dos destinatarios (profesionais sanitarios, usuarios servizo, pacientes, autoridades sanitarias, científicos, etc.).

Este máster está estruturado da seguinte forma:

- O alumno deberá cursar 90 ECTS distribuídos en tres cuatrimestres.
- De eses 90 ECTS, 81 créditos serán obrigatorios e 9 optativos.
- Dentro dos créditos obrigatorios 18 serán de prácticas externas e 12 de Tráballo Fin de Máster.

Dentro das materias obrigatorias, considérase oportuno destacar a importancia do carácter práctico, cunha materia, “Técnicas avanzadas para o laboratorio clínico” de 12 créditos.

1.2 Carácter esencial ou estratéxico: resposta a necesidades prácticas e científicas do SUG

Considérase que este campo de coñecemento de interese tanto para empresa privada como para a administración pública (en particular , o SERGAS) non está cuberto especificamente por ningunha titulación dentro do SUG.

Como se comentou no apartado anterior, o Máster en Química Sanitaria alinéase cos principios da Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3), en particular, o reto3: Novo modelo de vida saudable cimentado no envellecemento activo da poboación.

Finalmente, a adquisición de coñecementos prácticos e aplicados (ferramentas e habilidades) tamén é de máxima utilidade para todos aqueles alumnos que decidan con posterioridade proseguir os seus estudos ao matricularse en diferentes programas de doutoramento. Estas ferramentas supoñen unha base sobre a que construír con posterioridade un currículo investigador, que enriquecerá e ampliará as miras dos futuros doutorandos.

1.3 Equilibrio territorial do SUG: xustificación do campus elixido para a implantación da ensinanza en relación coa súa especialidade

Este Máster Interuniversitario en Química Sanitaria xurde do traballo conxunto de membros de diferentes universidades españolas. No caso do sistema universitario galego as universidades participantes son as de Coruña e Vigo por dar resposta a una demanda desta formación. Incorpora persoal altamente cualificado destas dúas universidades.

Como este Programa de Máster é interuniversitario estase a traballar na coordinación de materias de modo que o profesorado imparta os coñecementos teóricos de maneira presencial ou a través de videoconferencia simultaneamente a todo o alumnado independentemente da súa ubicación física. Sen embargo, a docencia práctica (laboratorio) impartirase en cada campus aproveitando o coñecemento experto e a infraestrutura dos grupos de investigación nos que se engloban os docentes do Máster.

Tamén, se está a analizar a posibilidade de certa mobilidade do alumnado para fomentar o enriquecemento persoal de cada alumno por exposición a compañeiros, docentes e ámbitos tecnolóxicos diversos.

2 Mercado laboral

2.1 Estudo das necesidades do mercado laboral en relación coa titulación proposta

No Sistema Universitario Galego non existe unha titulación que forme de maneira específica ao seu alumnado para o mercado laboral de empresas privadas ou administracións públicas neste campo. Temos que recordar que esta formación, pode ser interesante non unicamente para os laboratorios de análise clínico, senón tamén para as empresas do sector biotecnolóxico, especializadas en saúde, que temos na nosa contorna.

Tamén considérase que esta formación será moi interesante para o alumnado que estea a pensar en presentarse a o exame QIR (Químico interino residente) para traballar dentro do sistemas público de saúde.

3 Demanda

3.1 Previsións de matrícula tendo en conta a análise da demanda real dos estudos propostos por parte de potenciais estudantes e da sociedade

Estes últimos anos comprobouse na Facultade de Química que o alumnado solicita prácticas externas en empresas de análises clínicos e nos centros do SERGAS. Este feito lévanos a pensar que teríamos unha demanda importante por parte do alumnado.

Cremos que tamén a sociedade vería con bos ollos este máster, dentro da situación sanitaria actual que fixo que nos déramos conta mais que nunca da importancia da saúde e das profesións adicadas a este campo.

4 Non duplicidade

4.1 Mención de ensinanzas afíns preexistentes nesta universidade

Non constan titulacións similares no SUG. A proposta non se solapa con outras ofertas docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Os obxectivos e os contidos do Máster en Química Sanitaria difiren significativamente dos outros títulos que se imparten en el SUG.